




MUIÑOS DE CATOIRA

CANTEIRA DAS PEDRAS MIÚDAS

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2022



Distancia: 8 km (ida e volta)
Dificultade: baixa



Esquema dun muíño de vento de Catoira

Os muíños de vento de Catoira son únicos na Península Ibérica. Son construcións sinxelas, de cachotes, de planta circular, con cuberta fixa, de tella, a dúas augas e un dobre xogo de abanos unidos a un eixo que atravesa a construción. A cuberta fixa e o dobre xogo de abanos son as características que os fan únicos. Os muíños de vento son orientables, teñen que poder enfrontar as pas ao vento para aproveitar con máis eficacia a súa forza, para iso teñen que poder ser desprazadas e conséguense facendo rodar a estrutura e o tellado que a cubre ou todo o conxunto do muíño. Os de Catoira co seu dobre xogo de pas orientadas aos ventos dominantes na contorna non precisan ser orientados.



Interior dun dos muíños restaurados

PERCORRIDO

Achegarse aos muíños é doado. Pode ser un pequeno paseo costa arriba para ir aos de Pedras Miúdas ou unha camiñada un algo máis longa para velos todos. O grupo dos das Pedras Miúdas e o grupo dos do monte Mesón, de Abalo.

Saíndo de Catoira en dirección a Vilagarcía xusto antes de pasar debaixo do viaduto do tren, temos un desvío á esquerda e nel, uns 300 m adiante, outro desvío á esquerda, de terra e costa arriba, que nos leva ao pé da **lagoa de Pedras Miúdas**, Espazo Natural de Interese Local, un fermoso lugar acondicionado para o paseo e o lecer. Deixando a lagoa á dereita hai un camiño acondicionado, que sube os 60 m de desnivel que nos separan do alto do monte no que se atopa o primeiro grupo de muíños, un camiño que cada paso cara arriba nos ofrece unha mellor panorámica da ría de Arousa, da contorna de Catoira e do tramo final do esteiro do Ulla, **os muíños de Tras da Veiga ou de Pedras Miúdas**, os máis coñecidos e visitados aínda que precisan dun repaso para recuperar o seu mellor aspecto e un pouco máis de respecto dos que pasamos por alí para que o conserven máis tempo.

Ao chegar ao asfalto, xusto á altura do muíño, baixa, á dereita, unha pista de terra pola que temos que camiñar para irmos aos muíños de Abalo, despois de camiñarmos un bo tramo pasamos por debaixo das vías do tren e seguimos á esquerda, ata chegar ao asfalto, á entrada do lugar de Cores, aquí podemos decidir se seguir de fronte pola estrada ata a igrexa de Abalo ou ir á esquerda en subida ata despois de pasar ao pé dunhas fermosas **sobreiras** onde collemos un desvío á dereita, unha pista de terra ampla con arbores e asentos de pedra pola dereita, pola que tamén imos dar á igrexa por fóra da zona de casas e camiñando uns 300 m máis que pola estrada. Pasada a igrexa e ao pé das casas xa atopamos o primeiro indicador dos que nos van levar sen perda aos **muíños do monte Mesón**, outros tres, dos que o da dereita e o único que conserva a vella estrutura, todos os demais foron reconstruídos. A volta facémola polo camiño da ida ata chegar ao pé do paso por debaixo das vías que non faremos se non que seguimos a pista que nos leva de volta á lagoa onde rematamos o percorrido.

Tamén se poden facer visitas puntuais en coche seguindo as indicacións que hai ao pé da estrada. A estrada chega ao pé dos de Tras da Veiga e desde Abalo seguindo as indicacións da igrexa e desde alí a dos muíños ata onde do camiño sae un desvío á dereita, de terra pouco transitado onde temos de deixar o coche para camiñar uns 500 m para chegar ao cume do monte Mesón.



Lagoa das Pedras Miúdas, asentada no oco dunha antiga canteira



Muíños do monte das Pedras Miúdas (Tras da Veiga) (1979)



Muíños do monte das Pedras Miúdas (Tras da Veiga) (12-2021)



Muíños do monte das Pedras Miúdas (Tras da Veiga) (2001)

Os muíños de Catoira son de planta circular, construídos con cachotería de granito, arredor do século XIX. A cuberta é a dúas augas, de tella do país suxeitas con pedras para evitar que o vento as levante. Teñen unha única porta e o interior ten unha única planta onde van instalados os elementos mecánicos para moer.



Vista do esteiro do Ulla desde o monte das Pedras Miúdas



Muíños do monte das Pedras Miúdas (Tras da Veiga) (12-2021)



Sobreiras de Cores

O único muíño que conserva a estrutura orixinal (monte Mesón)

